

Unha vez informado o Consello de Goberno o 22 de xuño de 2010 e en aplicación do que está disposto nos artigos 34.1 e 36.1 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004 do 13 de maio, modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro,

RESOLVO:

Publicar a convocatoria de matrícula ordinaria para o curso académico 2010/2011 nas diferentes facultades e escolas suxeita á seguinte

NORMATIVA DE XESTIÓN ACADÉMICA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O CURSO ACADÉMICO 2010/2011

NORMA PRELIMINAR

A normativa de xestión académica é de aplicación aos planos de estudos que conducen a titulacións oficiais; tamén será de aplicación subsidiaria a calquera outro procedemento de xestión académica, bolsas etc. e, en xeral, a todo o procedemento en que a persoa interesada teña a condición de alumno/a da UDC.

TÍTULO I - MATRÍCULA NAS TITULACIÓNS DE 1.º CICLO, DE 2.º CICLO E DE GRAO

ARTIGO 1. ÁMBITO DE APLICACIÓN

O alumnado que desexe iniciar ou continuar os seus estudos, para obter un título universitario oficial na Universidade da Coruña, ou para completar a súa formación.

ARTIGO 2. CLASES DE MATRÍCULA NAS TITULACIÓNS DE 1.º OU DE 2.º CICLO

2.1 As clases de matrícula son:

2.1.1 A **matrícula ordinaria**, que será a do estudante que se inscribir na universidade para seguir regularmente os estudos que conducen á obtención dun título universitario oficial de: diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto ou enxeñeiro.

A matrícula poderase formalizar por curso completo ou por materias soltas, sen prexuízo do que dispón o artigo 5.6 desta normativa.

Estes alumnos aboarán as taxas e os prezos públicos que correspondan.

2.1.2 A **matrícula extraordinaria**: será a que realicen aquelas persoas que, reunindo os requisitos de acceso á Universidade e con independencia da titulación que posúen, se inscribiren en materias/créditos diversos das diferentes titulacións da Universidade sen esperaren a obtención dun título. **Estas persoas non constarán en actas de cualificacións oficiais** e recibirán, ao remate dos estudos que realizaren, un certificado do profesor encargado da materia, expresivo da

súa asistencia e aproveitamento, con indicación da cualificación final que obtivesen. Aboarán as taxas correspondentes á apertura de expediente de matrícula extraordinaria e os prezos públicos correspondentes aos créditos matriculados.

En calquera caso, a admisión destes estudantes en cada unha das materias que quixesen cursar quedará condicionada pola existencia de prazas dispoñibles, unha vez que se computen as matrículas ordinarias en cada centro en que se imparta a materia que soliciten.

Para estes efectos, esta matrícula deberá realizarse na Administración do centro que corresponder.

ARTIGO 3. CLASES DE MATRÍCULA NAS TITULACIÓNS DE GRAO

Clases de matrícula. Normas xerais

3.1 Matrícula ordinaria: será a que realice o estudante que se inscribir na Universidade para seguir regularmente os estudos que conducen á obtención dun título universitario oficial de grao.

Establécense para as titulacións de grao as seguintes modalidades de matrícula ordinaria:

- a) **Matrícula a tempo completo:** o estudante matricularase da totalidade dos créditos correspondentes ao curso de que se trate e, en todo caso, dun número mínimo de 60 créditos ECTS.
- b) **Matrícula a tempo parcial:** o estudante matricularase dun número mínimo de 30 créditos ECTS ou, de ser o caso, daquel número de créditos que lle resten para finalizar os seus estudos.

Estes alumnos aboarán as taxas e os prezos públicos que correspondan.

3.2 Matrícula extraordinaria: será a que realicen aquelas persoas que, reunindo os requisitos de acceso á Universidade e con independencia da titulación que posúen, se inscribiren en materias/créditos diversos das diferentes titulacións da Universidade sen esperaren a obtención dun título. **Estas persoas non constarán en actas de cualificacións oficiais e recibirán**, ao remate dos estudos que realizaren, un certificado do profesor encargado da materia, expresivo da súa asistencia e aproveitamento, con indicación da cualificación final que obtivesen. Aboarán as taxas correspondentes á apertura de expediente de matrícula extraordinaria e os prezos públicos correspondentes aos créditos matriculados.

En calquera caso, a admisión destes estudantes en cada unha das materias que quixesen cursar quedará condicionada pola existencia de prazas dispoñibles, unha vez que se computen as matrículas ordinarias en cada centro en que se imparta a materia que soliciten.

Para estes efectos esta matrícula deberá realizarse na Administración do centro que corresponder.

ARTIGO 4. ALUMNADO QUE PODE FORMALIZAR MATRÍCULA

4.1 Inicio de estudos

Nos prazos de matrícula que se estableceren, poderán formalizar a matrícula os seguintes

alumnos:

4.1.1 Aqueles alumnos que inicien estudos de grao que conducen á obtención de títulos oficiais en calquera dos centros da Universidade da Coruña e que estiveren habilitados, ou ben posúiren, algún dos títulos que dan acceso a estes estudos, dos que están previstos no Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, modificado polo Real decreto 558/2010, do 7 de maio, desenvolto na Orde da Consellería de Ordenación Universitaria pola que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas oficiais de grao e os procedementos de admisión ás tres universidades do sistema universitario de Galicia para o curso 2010/2011.

4.1.2 O alumnado que pretenda iniciar os estudos de primeiro curso de grao en titulacións **con límite de prazos**, ademais de ter a habilitación a que se refire o apartado anterior, deberá estar admitido para a formalización de matrícula nas sucesivas resolucións da CIUG.

4.2 Continuación de estudos e outros

4.2.1 Aquel alumnado que pretenda continuar estudos na mesma titulación en que estivo matriculado no curso 2009/2010 ou noutros cursos anteriores.

4.2.2 Alumnos que pretenden acceder a 2.º ciclos de planos de estudos que conducen á obtención de títulos oficiais e que posúan algún dos títulos ou primeiros ciclos que os habilitan para o acceso a estes estudos, que se regularán polo que dispón o título III desta normativa.

4.2.3 Os que fosen admitidos para seguiren estudos da mesma natureza en calquera centro desta universidade, que proceden doutras universidades, sempre que reuniren as condicións que establece o RD 69/2000 do 21 de xaneiro (BOE do 22 de xaneiro), que regula os procedementos de selección para o ingreso nos centros universitarios dos estudantes que reúnan os requisitos legais necesarios para o acceso á universidade, modificado polo RD 1742/2003 do 19 de decembro (BOE do 22 de xaneiro de 2004), modificado polo Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro (BOE do 24 de novembro) e modificado polo Real decreto 558/2010, do 7 de maio e o resto da normativa vixente, tal como se especifica no Título II da presente normativa.

4.3 Solicitudes de matrícula fóra de prazo

As solicitudes de matrícula realizadas fóra dos prazos establecidos para este fin, resolveranas por desconcentración os decanos/directores dos centros (**anexos XIII e XIV**). Contra esta resolución poderá presentarse recurso de alzada ante o reitor.

ARTIGO 5. CLASES DE MATRÍCULA

Sen prexuízo das incompatibilidades de exame e do horario xeral que estableceren os centros, a matrícula poderá formalizarse da seguinte maneira:

5.1 Matrícula no primeiro curso en titulacións de grao

5.1.1 Os estudantes que iniciasen os estudos correspondentes a estas titulacións poderán matricularse de acordo coas seguintes opcións:

a) Opción preferente: matrícula a tempo completo

Os estudantes admitidos por primeira vez no primeiro curso dos estudos de grao deberán

matricularse da totalidade dos créditos correspondentes ao primeiro curso e só destes.

b) Opción que deberá xustificar o estudante, para titulacións con límite de prazas: matrícula a tempo parcial

Para este tipo de matrícula fixarase un tope máximo do 15% para admisión, sobre o número total de prazas ofertadas para cada curso académico, e, por conseguinte, establecerase un sistema de selección que, en todo caso, terá en conta a nota de acceso do alumno á Universidade. A selección realizarase no centro en que se matricule o alumno, a través da unidade ou comisión que corresponda en cada centro e resolverana por delegación do reitor os seus decanos/directores **anexos XV e XVI**). Contra esta resolución poderá presentarse o recurso que corresponda.

Os estudantes de primeiro curso por primeira vez que foran admitidos para matricularse a tempo parcial en titulacións de grao con límite de prazas, poderán facelo dun número de créditos inferior aos previstos para o primeiro curso, pero nunca nunha cantidade inferior a 30 créditos ECTS ou, de ser o caso, do número de créditos máis próximo a esta cifra en función das materias en que se matricule.

Para estes efectos, e tendo en conta o carácter non preferencial da matrícula a tempo parcial para alumnos de primeiro por primeira vez, as persoas interesadas, no momento de formalizar a matrícula, deberán solicitar por escrito esta modalidade xustificando e acreditando os motivos, de carácter profesional ou laboral de ineludible cumprimento, ou ben de carácter persoal, que lle impidan a realización dos estudos a tempo completo.

Os solicitantes desta opción poderán aprazar o pagamento da súa matrícula ao presentar a solicitude mencionada, ata que se resolva a súa petición.

Se o estudante non resulta seleccionado para a opción de matrícula a tempo parcial, poderá optar pola matrícula a tempo completo ou, de ser o caso, renunciar á praza que lle foi adxudicada pola CIUG, accedendo o seguinte na listaxe da CIUG.

5.2 Matrícula de continuación de estudos en titulacións de 1.º e 2.º ciclo estruturadas por materias

5.2.1 Os alumnos que pretendan matricularse por vez primeira nun curso superior ao primeiro, poderán facelo dalgunha das seguintes formas:

a) Do curso seguinte a que estivo matriculado en cursos académicos anteriores, e poderá matricularse, quer por curso completo, quer por materias soltas.

b) De dous cursos seguintes ao máis alto en que estivese matriculado en cursos académicos anteriores e poderá matricularse, quer por cursos completos, quer por materias soltas.

5.2.2 Para os efectos do que dispón este apartado, entenderase que o alumno está matriculado por vez primeira nun curso superior ao primeiro cando formalice a matrícula, cando menos nunha materia, ou recaese unha resolución favorable de validación cando menos nunha materia dun curso superior ao primeiro.

5.2.3 Poderán matricularse no curso completo, ou de materias soltas deste e das pendentes de cursos anteriores que desexaren, sempre que nestas non esgotasen as convocatorias regulamentarias.

5.2.4 Poderán matricularse exclusivamente das materias pendentes que desexen, sempre que nestas non esgotasen as convocatorias regulamentariamente establecidas.

5.2.5 A matrícula de materias correspondentes a cursos extinguidos regularase polo que dispón o artigo 5.5 desta normativa.

5.3 Matrícula de continuación de estudos en titulacións de 1.º ou de 1.º e 2.º ciclo estruturadas en créditos

5.3.1 O alumnado que curse estas titulacións poderá formalizar a matrícula segundo as seguintes especificacións:

a) No curso completo, en que se inclúen os créditos de materias optativas e de libre elección que se asignan ao correspondente curso.

b) Non se poderá formalizar a matrícula en ningunha materia do segundo ciclo de non reunir os requisitos que establezan os planos de estudo para o acceso ao segundo ciclo, agás naquelas materias que lle foren adaptadas ou validadas e pertenceren a ese segundo ciclo.

c) Nas titulacións que así o decidisen (mediante acordo da Xunta de Centro ou da comisión en quen delegue), e o comuniquen por escrito á Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións, antes do 17 de xullo de 2010, non se poderá formalizar matrícula en ningunha materia do 2.º ciclo sen formalizala igualmente en todas as materias troncais e obrigatorias do 1.º ciclo, non superadas en convocatorias previas.

5.3.2 As materias optativas poderán cursarse en primeiro ou segundo ciclo na orde que o estudante estimar oportuno, sen prexuízo do debido cumprimento das normas que conteñen os planos de estudo.

5.4 Matrícula de continuación de estudos nas titulacións de Grao

5.4.1 O alumnado de continuación de estudos poderá matricularse dos créditos que desexe, **ata un máximo de 75 créditos ECTS** e sen prexuízo do respecto debido ao número mínimo de créditos sinalado no segundo parágrafo do apartado b) do punto 5.1.1 desta normativa para a matrícula a tempo parcial, agás que ao alumno lle resten un número inferior de créditos para rematar os seus estudos. A matrícula so estará condicionada polas obrigas académicas que estableza o plano de estudos: ordenación temporal dos estudos, prelacións ou prerequisites, compatibilidade horaria das materias matriculadas etc.

5.4.2 O alumnado deberá ter en conta o volume de traballo, medido en créditos ECTS, que pode realizar durante un curso académico.

5.4.3 Sen prexuízo do que dispoña cada plano de estudos o alumnado que teña superados 180 créditos, incluídos todos os da primeira metade, poderá realizar a matrícula do Traballo de Fin de Grao no período ordinario de matrícula ou nos prazos outorgados para ampliación de matrícula nos estudos de grao nas instrucións do 25 de febreiro de 2010, da Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións, sobre as probas de avaliación e as actas de cualificación dos estudos de grao e mestrado e optar por defender o sobredito traballo na convocatoria correspondente ao período do primeiro cuatrimestre, ou na convocatoria correspondente ao período do segundo cuatrimestre e, de ser o caso, na oportunidade de xullo.

En cada plano de estudos, coa supervisión académica do centro que corresponda, establecerase a forma de realización, a titorización e os procedementos de avaliación do dito traballo, que deberá orientarse á avaliación das competencias asociadas ao título.

5.5 Matrícula en cursos extinguidos de titulacións de 1.º ou de 1.º e 2.º ciclo

5.5.1 Unha vez que se extinga cada curso, efectuaranse seis convocatorias de exame nos tres cursos seguintes, sen prexuízo do establecido no apartado a) da disposición transitoria segunda do Real decreto 1393/2007 do 29 de outubro. A matrícula deste alumnado non dá dereito á docencia, só a dúas convocatorias de exame no curso 2010/2011.

5.5.2 Aínda cando non consumisen as convocatorias que lles correspondan de forma xeral en cada materia, unha vez que rematasen os tres cursos académicos seguintes a que se refire o apartado anterior sen superaren as probas, aqueles que quixeren seguir os mesmos estudos deberán facelo polos novos planos, agás o alumnado que se acolla ao que recolle o artigo 10 destas normas e tamén aquel autorizado por resolución reitoral a render exame por unha soa vez e nese mesmo ano académico, segundo os acordos da Xunta de Goberno do 26 de febreiro e do 26 de novembro de 1998. En calquera outro caso teñen que se adaptar ao novo plano de estudos de acordo co RD 2347/1996 do 8 de novembro polo que se modifica o RD 1497/1987 en que se establecen as directrices xerais comúns dos planos de estudo, dos títulos con carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así como o RD 1267/1994 que modifica o anterior.

5.5.3 Os alumnos que comezaran estudos conforme a anteriores ordenacións académicas poderán incorporarse ás novas ensinanzas de grao de acordo co previsto na disposición adicional segunda do Real decreto 1393/2007 do 29 de xullo.

5.6 Matrícula no primeiro curso do segundo ciclo de titulacións de 2.º ciclo ou 2.º ciclo de titulacións de 1.º e 2.º ciclo

5.6.1 O alumnado que pretenda acceder a titulacións de só 2.º ciclo, ou ao 2.º ciclo de titulacións de dous ciclos, desde outra titulación que o posibilite quer directamente, quer con complementos de formación, deberá matricularse do total dos créditos que corresponden á carga lectiva que se asignar ao primeiro curso á marxe dos complementos de formación e sen prexuízo das peculiaridades das seguintes titulacións:

a) No caso da licenciatura en Actividade Física e do Deporte os alumnos deberán matricularse dos créditos que corresponden aos complementos de formación; poderán matricularse, así mesmo, nas dúas materias seguintes: Proceso de Ensino-Aprendizaxe da Actividade Física do Deporte e Planificación do Proceso.

b) No caso da licenciatura en Socioloxía os alumnos que procederen da Diplomatura en Traballo Social deberán matricularse dos créditos que corresponde aos complementos de formación (36 créditos); así mesmo, deberán matricularse nas tres materias seguintes de 4.º curso: Socioloxía das Organizacións, Socioloxía Industrial e do Traballo e Antropoloxía Social.

5.7 Incorporación e matrícula de alumnos/as de titulacións de 1.º ou de 1.º e 2.º ciclo ás titulacións de grao

5.7.1 Aos alumnos que na data de entrada en vigor do Real decreto 1393/2007 tivesen iniciado estudos universitarios oficiais conforme a anteriores ordenacións aplicaráselles as disposicións

reguladoras polas que iniciaren os seus estudos ata o 30 de setembro de 2015, en que quedarán definitivamente extinguidas.

5.7.2 Sen prexuízo do especificado no apartado anterior, os alumnos que iniciasen estudos universitarios oficiais ao abeiro de anteriores ordenacións, poderán acceder ás ensinanzas de grao, tras a admisión da universidade, de acordo co establecido no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, na normativa da universidade e segundo o previsto na memoria aprobada correspondente ao título de grao a que pretendan acceder.

5.8 Matrícula de alumnos/as que soliciten bolsas

As persoas que soliciten bolsas deberán matricularse, quer de curso completo, quer do número mínimo de materias/créditos que para cada titulación establece a correspondente Orde do Ministerio de Educación, respectando en todo caso o número mínimo de créditos esixido nesta normativa. No caso de estaren afectados por unha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 65% poderán acollerse á matrícula a tempo completo na súa modalidade de matrícula reducida, nos termos que se establezan na orde mencionada.

ARTIGO 6. MATRÍCULA DE DÚAS TITULACIÓNS OFICIAIS – SIMULTANEIDADE DE ESTUDOS

6.1 Os alumnos que desexaren simultanear estudos do mesmo nivel en dúas titulacións das que se imparten nesta universidade, deberán ter superado integramente o primeiro curso ou os créditos dos que estean obrigados a formalizar matrícula no primeiro curso e solicitar a simultaneidade de estudos ao reitor. Presentarán a solicitude no centro en que pretendan comezar os novos estudos, achegando unha certificación académica persoal actualizada, con expresión do número de convocatorias que esgotaron en todas e en cada unha das materias.

6.2 Non se poderán simultanear dúas titulacións que se sometan a límite de prazas, agás se, cando remate o proceso de ingreso resultaren prazas vacantes na segunda titulación.

6.3 Para os outros supostos e sen prexuízo da obrigada existencia de vacantes na 2.^a titulación, a concesión da simultaneidade determinarase pola cualificación pola que se accedeu á universidade.

6.4 A resolución das solicitudes de simultaneidade de estudos delégase, ao abeiro do que está disposto no artigo 2.1 da Orde do Ministerio de Educación e Cultura do 28 de setembro de 1984, nos decanos ou directores dos centros, segundo os modelos dos **anexos VI e VII**.

6.5 No caso de solicitudes de simultaneidade entre distintas universidades, estarase ao que está disposto na Orde do Ministerio de Educación e Cultura do 28 de setembro de 1984.

6.6 Os alumnos, tanto de centros públicos como adscritos, que posúan a condición xurídica de solicitante de simultaneidade de estudos, **aprazarán** o pagamento do prezo da matrícula da titulación en que solicitan a simultaneidade, ao presentar o xustificante que acredite a solicitude da simultaneidade de estudos ata que se dite a resolución reitoral positiva.

6.7 Para os efectos do que dispón a presente normativa deberá entenderse que non é un suposto de simultaneidade de estudos e, en consecuencia, é unha soa matrícula ordinaria, se o alumno formaliza matrícula simultaneamente en dúas ou máis orientacións, itinerarios, opcións ou

calquera outra denominación que figure nos planos de estudos, cando tras a superación destas obteña exclusivamente un título universitario oficial.

6.8 Os programas de simultaneidade de Licenciado en ADE (Administración e Dirección de Empresas) e Licenciado en Dereito e, Graduado en ADE e Graduado en Dereito, rexeranse pola súa propia normativa.

ARTIGO 7. ALUMNOS/AS QUE PRETENDAN INICIAR ESTUDOS NO PRIMEIRO CURSO DE TITULACIÓNS DE GRAO, CON LÍMITE DE PRAZAS

7.1 Os alumnos que superasen as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao previstas no capítulo 2 do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, modificado polo Real decreto 558/2010 do 7 de maio, ou as probas de acceso establecidas en normativas anteriores, de acordo co que dispón a disposición adicional terceira do citado Real decreto e desexen iniciar estudos en titulacións de Grao con límite de prazas deberán solicitar previamente o ingreso nelas.

Así mesmo, deberán solicitar de forma previa o ingreso nesas titulacións as persoas que estean en posesión de calquera dos títulos académicos que se indican no mencionado real decreto de acordo cos criterios de acceso, admisión e valoración establecidos neste.

7.2 Os estudantes que fosen convocados para matricularse en titulacións con limitación de prazas deberán formalizar a matrícula dentro do prazo que para tales efectos estableza a CIUG.

7.3 Aquel alumnado que, tras solicitar o ingreso no primeiro curso en titulacións con límite de prazas, non fose convocado a formalizar matrícula, poderá formalizala en titulacións sen límite de prazas no prazo especial que para eles se estableza.

7.4 Os alumnos procedentes doutros estudos oficiais cursados en España non poderán ingresar directamente en titulacións universitarias con limitación de prazas, aínda que ao ingresaren poderán promover o recoñecemento dos seus estudos.

ARTIGO 8. IMPEDIMENTOS PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

8.1 Non poderán matricularse nos mesmos estudos e no mesmo centro universitario os alumnos de primeiro curso (1.^a vez), que non superasen ningunha materia nas convocatorias de xuño e de setembro nun ano académico nas titulacións de 1.^o ou de 1.^o e 2.^o ciclo e na única convocatoria nas titulacións de grao, ou non obtivesen unha dispensa en ambos os dous casos. Para estes efectos considérase como dispensa o non presentado.

8.2 Se no plano de estudos figuraren prerequisites, enténdese que o estudante non poderá matricularse dunha materia ata que non aprobe os seus prerequisites. Se no plano de estudos figuraren correquisitos, enténdese que o estudante non poderá matricularse dunha materia se non está simultaneamente matriculado, ou se non aprobou os seus correquisitos.

8.3 Os alumnos que esgotaren as convocatorias legais en calquera materia non poderán formalizar matrícula nesta, mais si naquelas outras en que non as esgotaren.

8.4 En calquera caso, o exercicio do dereito de matrícula que establecen as presentes normas non obrigará á modificación do réxime de horarios xerais que se determinar en cada centro, de acordo coas necesidades dos seus programas de estudo.

ARTIGO 9. MATRÍCULAS SUXEITAS AO PROCEDIMENTO ESTABLECIDO NO REGULAMENTO SOBRE A LIBRE ELECCIÓN, APROBADO POLO CONSELLO DE GOBERNO DO 31 DE MAIO DE 2005, MODIFICADO POLO CONSELLO DE GOBERNO DE 27 DE MARZO DE 2009

9.1 Materias de libre elección

9.1.1 Os alumnos poderán matricularse do seguinte:

- a) As materias de oferta xeral desta universidade que aprobe o Consello de Goberno para o curso 2010/2011.
- b) As materias optativas dunha titulación que se ofertan como libre elección aos alumnos doutras titulacións, ou doutros planos de estudo desta universidade que aprobe o Consello de Goberno da UDC para o curso 2010/2011.

9.1.2 As materias especificadas nos apartados a) e b) do punto anterior teñen o límite de prazas que se establece na oferta académica.

Poderase formalizar a matrícula en todas as materias sen necesidade de realizar preinscrición de acordo co procedemento que se indica a continuación:

Todas as materias estarán sometidas aos requisitos e exclusións que se determinen na súa oferta.

A matrícula formalizarase conxuntamente coa matrícula ordinaria nos prazos establecidos nesta normativa.

- a) **Listaxes de ocupación de materias:** os alumnos poderán coñecer o nivel de ocupación da materia que soliciten consultándoo a través da Secretaría Virtual.
- b) **Asignación de prazas:** inmediatamente ao remate do prazo de matrícula ordinaria, a través do correo postal, correo electrónico ou SMS e nos taboleiros de anuncios dos centros, comunicaráselles aos alumnos a asignación das prazas en función da media do expediente académico naquelas materias en que *“a demanda fose superior á oferta”*, desestimándose aquelas solicitudes de matrícula que excedan do número de prazas ofertadas, procedéndose de oficio á súa anulación.
- c) Os alumnos afectados poderán substituír as materias por outras en que existan prazas vacantes, no prazo de modificación/ampliación de matrícula sinalado no apartado d) do artigo 12.2 desta normativa.

9.1.3 Ofreceranse tamén como libre elección todas as materias dos planos renovados dos centros, tanto propios como adscritos, que estes decidan ofertar como optativas en cada curso académico. A oferta de libre elección deste tipo de materias funcionará para todos os efectos como a oferta das materias optativas. En ningún caso poderá utilizarse a mesma materia como optativa e como libre elección ao mesmo tempo.

9.1.4 Os alumnos non poderán matricularse de materias troncais e obrigatorias do seu plano de estudos para obteren créditos de libre elección.

9.1.5 En ningún caso poderán ser obxecto de libre elección aquelas materias ou aquelas

actividades académicas de contido idéntico ou moi similar ao das materias propias que xa se cursasen da titulación correspondente, nin aquelas outras materias que puideren estar suxeitas a prerequisites ou incompatibilidades.

9.1.6 Os alumnos non poderán realizar matrícula en dúas materias de contidos equivalentes.

9.2 Créditos por equivalencia

9.2.1 A formalización da matrícula en créditos por equivalencia realizarase, sempre de acordo co respectivo plano de estudos, tras a correspondente autorización ou a acreditación para a súa realización.

9.2.2 A matrícula en créditos por equivalencia xerará os prezos dos créditos que se imputen.

ARTIGO 10. MATRÍCULA AO ABEIRO DO CONVENIO QUE SUBSCRIBIRON AS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS

10.1 En cumprimento do convenio que subscribiron as tres universidades galegas, que establece procedementos comúns e homoxéneos para o alumnado destas que consumise nunha materia todas as convocatorias ou estiver afectado polos procesos de extinción dos planos de estudo e que reunir as condicións que este esixir, pode solicitar render exame, **por unha soa vez e nese mesmo ano académico**, noutra universidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG), en instancia que presentará no centro en que realiza os seus estudos e no prazo que se establecer para a matrícula ordinaria.

10.2 As instancias serán remitidas ao Servizo de Organización Académica, unha vez dilixenciadas polos secretarios dos centros, onde farán constar na dilixencia que se cumpren os requisitos que se esixen no convenio, para a súa tramitación á universidade que corresponder.

10.3 Unha vez que fose aceptada pola universidade receptora, procederáse a comunicar esta aceptación ao alumno e ao centro correspondente para que se matricule.

10.4 Despois de recibir a certificación da universidade receptora coa cualificación do alumno, tramitarase ao secretario do centro para a súa inclusión no seu expediente.

10.5 Aos alumnos da UDC de titulacións únicas no SUG, que por esta circunstancia non poidan realizar matrícula ao abeiro do convenio que subscribiron as tres universidades mencionadas e que non poidan rematar os seus estudos por teren esgotadas, nunha materia, todas as convocatorias, resultaralles de aplicación o procedemento previsto no acordo da Xunta de Goberno do 26 de febreiro de 1998, toda vez que reúnan os requisitos esixidos.

ARTIGO 11. MATRÍCULA DE ALUMNOS/AS PENDENTES SÓ DO PROXECTO DE FIN DE CARREIRA (TITULACIÓNS DE 1.º OU 1.º E 2.º CICLO)

11.1 No caso de titulacións de 1.º ou de 1.º e 2.º ciclo estruturadas en materias e no caso de titulacións estruturadas en créditos:

11.1.1 Poderán concorrer aos proxectos fin de carreira os alumnos que superasen as demais materias dos planos de estudos.

11.1.2 Os centros determinarán as datas de presentación dos proxectos fin de carreira e deberán realizar, cando menos, tres convocatorias anuais que coincidan cos períodos posteriores

aos das convocatorias oficiais de exames. En ningún caso se poderán fixar as datas de defensa do proxecto fin de carreira con anterioridade ás que figuran no calendario académico para o peche das actas da convocatoria correspondente.

11.2 No caso de titulacións de 1.^o ou 1.^o e 2.^o ciclo, estruturadas en materias:

11.2.1 Os alumnos que teñen a intención de presentar no curso académico 2010/2011 o proxecto fin de carreira realizarán unha prematrícula deste, facendo o pagamento pola renovación da tarxeta de identidade e do seguro escolar, se proceder.

11.2.2 A matrícula dará dereito a presentar o proxecto unha soa vez e deberán liquidarse os correspondentes prezos públicos cada vez que se realizar a matrícula.

11.2.3 A matrícula poderá formalizarse ao longo do curso académico, segundo o que establecen as normas para a entrega e a defensa do proxecto fin de carreira de cada centro.

ARTIGO 12. DESISTENCIA E MODIFICACIÓN DE MATRÍCULA

Os estudantes poderán solicitar a desistencia ou a modificación da matrícula de acordo co que se dispón a continuación:

12.1 A desistencia total da matrícula, con dereito a devolución dos prezos públicos aboados, agás os correspondentes á tarifa terceira, do Decreto da Xunta de Galicia, “títulos e secretaría”, só se autorizará se se solicita antes do día 10 de decembro, incluído.

De se producir a desistencia total de matrícula de 1.^o por primeira vez, en titulacións con límite de prazas, no período ordinario de matrícula ou de forma inmediatamente posterior, as administracións dos centros notificarán inmediatamente esta circunstancia ao Servizo de Estudantes (LERD).

12.2 A modificación de matrícula enténdese como a ampliación de materias e/ou como a substitución dunha materia por outra, ou por materias cun número de créditos equivalentes. Estas novas materias teñen que ser elixidas entre as que estiveran en condición de matrícula en período de matriculación. Os prazos máximos para solicitar a modificación son os seguintes:

a) Modificación de materias anuais, ata o 12 de novembro inclusive.

b) Modificación de materias cuadrimestrais do primeiro cuadrimestre, ata o 12 de novembro inclusive.

c) Modificación de materias cuadrimestrais do segundo cuadrimestre, ata o último día do mes de febreiro inclusive.

d) Modificación de matrícula en materias de libre elección, en titulacións de 1.^o ou de 1.^o e 2.^o ciclo con prazas vacantes: unha vez finalizado o prazo ordinario de matrícula ofertaranse estas vacantes desde o día 2 de novembro ata o día final sinalado nos apartados a), b) e c) anteriores, en función da materia de que se trate, ou ben ata que se cubran as vacantes en cada materia.

e) Ampliación de matrícula tras a convocatoria extraordinaria de decembro, só para titulacións de 1.^o ou de 1.^o e 2.^o ciclo: os alumnos poderán ampliar a matrícula nun número de materias ou nun número de créditos igual ou similar aos que aprobasen na citada convocatoria.

O prazo máximo para ampliar a matrícula en materias anuais e en materias do 2.º cuatrimestre rematará o día 15 de marzo de 2011 e será competencia dos decanos ou directores dos centros a súa fixación.

Estes prazos serán tamén aplicables, en titulacións de 1.º ou de 1.º e 2.º ciclo, á ampliación de matrícula en materias de libre elección tras a convocatoria extraordinaria de decembro.

f) Ampliación de matrícula en materias do segundo cuatrimestre ou en materias anuais, para os estudos de grao poderá solicitarse nun número de créditos igual ou similar ao número dos créditos superados, despois de se realizar todos os trámites das probas de avaliación que correspondan ao primeiro cuatrimestre.

O prazo máximo para ampliar a matrícula nestas materias de grao rematará o último día de febreiro do ano 2011.

12.3 Aceptarase en calquera momento a modificación de matrícula polas seguintes causas:

a) Ampliación de materias co obxecto de que o estudante poida beneficiarse de bolsas convocadas polo ME, Xunta de Galicia, UDC, ou calquera outro organismo oficial.

b) Resolución de adaptación ou validación nas titulacións de 1.º ou de 1.º e 2.º ciclo e resolución de recoñecemento de créditos nas titulacións de grao, sempre que estivese solicitada no período ordinario de matrícula. Esta modificación de matrícula en ningún caso supón a posibilidade da anulación total desta.

Con independencia da presentación ou non do recurso que proceda contra a resolución de adaptación ou validación e do recoñecemento de créditos ECTS, o alumno deberá matricularse no prazo que se indique na resolución.

12.4 Non se admitirá a ampliación de matrícula en materias que realizen a primeira convocatoria ordinaria de exame.

12.5 A competencia para resolver as situacións derivadas dos apartados 12.1, 12.2, 12.3 e 12.4, delégase nos decanos ou directores dos centros, nos prazos que se establezan en cada caso.

12.6 Non obstante, o reitor poderá aceptar a desistencia total ou parcial de matrícula, coa devolución dos prezos públicos aboados que corresponder e tamén autorizar a súa modificación, naquelas situacións en que concorran circunstancias excepcionais debidamente motivadas polos interesados.

12.7 En calquera caso, para os efectos de coordinación cos procedementos de solicitude de bolsas, enviarase sempre unha copia das resolucións que se diten á unidade competente na tramitación destas.

ARTIGO 13. ADAPTACIÓNS, VALIDACIÓNS, RECOÑECEMENTOS E TRANSFERENCIAS

13.1 Titulacións de 1.º e de 1.º e 2.º ciclo

13.1.1 O procedemento e a resolución das adaptacións e das validacións de estudos, tanto españois como estranxeiros, rexerá pola Normativa de validacións e de adaptacións da UDC

(nos aspectos que non estean derogados) e polo Real decreto 1267/1994, do 10 de xuño e polo Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, modificado polo Real decreto 1830/2004, do 27 de agosto e polo Real decreto 309/2005, do 18 de marzo.

13.1.2 O procedemento de recoñecementos de créditos de libre elección rexeráse polo que establece o Regulamento de libre elección (que aprobou o Consello de Goberno o 31/05/2005), modificado polo Consello de Goberno de 27/03/2009 dentro da oferta de libre elección para o curso 2010/2011.

13.1.3 Os prazos para presentar a solicitude de validación, de adaptación ou de recoñecemento de estudos, de propostas de validación polos centros e de resolucións de validacións son os que se establecen no punto 6.1 do **anexo I**.

No caso de que calquera dos procedementos enunciados alterase a matrícula realizada con anterioridade por solicitantes de bolsa, remitirase unha copia da Resolución ditada á unidade competente da tramitación dos procedementos de solicitude de bolsas.

13.2 Titulacións adaptadas ao EEES

13.2.1 O procedemento de recoñecemento ou transferencia de créditos para titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior, rexeráse polo Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro de 2007 e a normativa aprobada para o efecto polo Consello de Goberno, en sesión efectuada o día 22 de maio de 2008.

13.2.2 Os prazos para presentar a solicitude de recoñecemento e transferencia de créditos son os que se establecen no punto 6.1 do **anexo I**.

No caso de que calquera dos procedementos enunciados alterase a matrícula realizada con anterioridade por solicitantes de bolsa, remitirase unha copia da Resolución ditada á unidade competente da tramitación dos procedementos de solicitude de bolsas.

13.3 Pagamento de prezos públicos por adaptacións/validacións, recoñecementos/transferencias

Pola realización destes trámites aboaranse, se for o caso, os prezos que para cada curso académico sexan fixados polo correspondente decreto da Xunta de Galicia. Os prezos faranse efectivos nos centros en que o alumno vaia iniciar ou continuar os seus estudos, seguindo o procedemento vixente en materia de pagamento de prezos por servizos académicos universitarios, nun prazo máximo de dez días que contarán a partir da recepción da notificación da correspondente resolución.

Non serán efectivos estes trámites de cada unha das materias ou dos créditos ata que non se efectúe o pagamento do prezo correspondente.

As resolucións destes trámites só producen efecto no propio curso académico en que se dite a resolución, (**anexos VIII, IX e X**, para titulacións LRU e **anexos XI e XII** para titulacións adaptadas ao EEES).



ARTIGO 14. PREZOS DE MATRÍCULA

14.1 Pagamento de prezos públicos por servizos académicos universitarios

Os alumnos que formalizaren a matrícula en calquera dos cursos dos estudos que conducen á obtención de títulos oficiais de licenciado, arquitecto, enxeñeiro, diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, graduado ou mestrado, reportarán os prezos de matrícula que establece o decreto da Xunta de Galicia polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2010/2011 polos seguintes conceptos:

14.2 Exencións e bonificacións do pagamento de prezos públicos

De acordo co que está disposto na Lei 8/1989, do 13 de abril (BOE do 15 de abril) de taxas e prezos públicos, as referidas taxas teñen a consideración de prezos públicos. Pola súa banda a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia establece no seu artigo 43 que son prezos públicos as contraprestacións pecuniarias percibidas polos suxeitos a que se refire o seu artigo 3, entre os que se contan as universidades, pola prestación de servizos ou pola realización de actividades efectuadas en réxime de dereito público cando, prestándose tamén tales servizos ou actividades no sector privado, sexan de solicitude voluntaria por parte dos administrados, entendéndose para estes efectos que os servizos educativos se prestan en réxime de dereito público.

Toda vez que os distintos decretos da Xunta de Galicia, polos que se fixan os prezos correspondentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario, empregan a denominación de “prezos públicos” para referirse de forma concreta aos dalgunha das tarifas que neles se prevén e porén a denominación de “servizos académicos” no caso de se referir á exención/bonificación dun pagamento sen facer referencia a ningunha tarifa, establécense deseguido as exencións/bonificacións que corresponden segundo os casos que se poden presentar:

14.2.1 Matrícula de honra: os alumnos que obtiveren matrícula de honra nunha ou en máis materias/disciplinas terán a bonificación, no curso académico seguinte, no pagamento dos prezos públicos establecidos na **tarifa primeira** do decreto da Xunta de Galicia, nun número de créditos que correspondese co número de créditos das materias/disciplinas en que obtivesen matrícula de honra, ou en tantas materias/disciplinas da mesma titulación.

Para os efectos do que dispón o presente apartado:

- a) As materias /disciplinas cuatrimestrais computarán como media materia/disciplina e as bonificacións por matrícula de honra nestas serán a metade das que correspondan a unha anual.
- b) A bonificación de prezos públicos en materias de 2.^a e sucesivas matrículas aplicarase tomando como base o prezo por crédito en 1.^a matrícula.

14.2.2 Familias numerosas: os alumnos membros de familias numerosas de *categoría xeral* teñen dereito a unha bonificación dun 50% nos prezos públicos de **todas as tarifas** do decreto da Xunta de Galicia, de acordo co que está disposto no artigo 12.2.a) da Lei 40/2003 do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, desenvolvida polo Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro e polas Instrucións da Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións do 26 de febreiro de 2008. Os alumnos membros de familias numerosas de *categoría especial* teñen dereito á exención total de pagamento dos prezos públicos de **todas as tarifas** mencionadas, de



acordo coa normativa citada.

14.2.3 Casos previstos na Orde do Ministerio de Facenda do 17 de agosto de 1982 (BOE do 17 de agosto): teñen dereito á exención do pagamento dos prezos públicos da **tarifa primeira** do decreto da Xunta de Galicia os alumnos que se atopen nalgún dos seguintes casos:

a) Aqueles que obtivesen matrícula de honra global no 2.º curso de bacharelato ou na FP, ou fosen premio extraordinario de bacharelato. Durante o primeiro ano e por unha soa vez.

b) Os orfos de funcionarios civís e de militares que falecesen en acto de servizo.

c) Aqueles a quen, por aplicación da Lei do 19 de xullo de 1944, lles sexa recoñecido polo Ministerio de Educación o dereito a matrícula gratuíta.

14.2.4 Empregados públicos: teñen dereito á exención do pagamento dos prezos públicos establecidos na **tarifa primeira** do decreto da Xunta de Galicia os alumnos aos que se lles recoñeza o dereito a matrícula gratuíta na Resolución reitoral da Universidade da Coruña, do 1 de xullo de 1998, pola que se regulan os supostos de matrícula gratuíta, modificada pola Resolución reitoral do 22 de xaneiro de 2009, nas condicións que nela se establecen.

14.2.5 Víctimas de actos terroristas: teñen dereito á exención de pagamento dos prezos públicos por servizos académicos establecidos en **todas as tarifas** do decreto da Xunta de Galicia os alumnos vítimas de actos terroristas, así como os seus cónxuxes e fillos, de acordo co que está disposto na Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo e na normativa que a desenvolva.

A situación de vítima de actos terroristas quedará acreditada por calquera das seguintes formas:

a) Sentenza firme que lles recoñecese o dereito a ser indemnizados en concepto de responsabilidade civil polos feitos e danos recollidos no artigo 2 da dita lei.

b) Calquera medio de proba admisible en dereito, cando non medie sentenza, no caso de que se levasen a cabo as oportunas dilixencias xudiciais ou se iniciaren os procedementos penais para o axuizamento dos delitos.

14.2.6 Persoas con discapacidade: teñen dereito á exención de pagamento dos prezos públicos por servizos académicos establecidos en **todas as tarifas** do decreto da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na disposición adicional 24 da Lei orgánica 6/2001 do 21 de decembro de universidades, modificada pola Lei 4/2007 do 12 de abril, os alumnos que presenten a resolución expresa da Xunta de Galicia, ou emitida pola Seguridade Social segundo o artigo 1 da Lei 51/2003, do 2 de decembro, e polo Real decreto 1414/2006, do 1 de decembro, sobre o recoñecemento dun grao de discapacidade grave, cuxa porcentaxe determinada sexa igual ou superior ao 33%, na forma establecida no punto 3.f) do **anexo II** desta convocatoria.

14.2.7 Víctimas de violencia de xénero: teñen dereito á exención de pagamento dos prezos por servizos académicos establecidos en **todas as tarifas** os alumnos que sufran violencia de xénero. Tamén quedarán exentos no caso de que sexan os seus proxenitores os que a sufran, de acordo co establecido na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Esta situación acreditarase por calquera das seguintes formas:

- a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a persoa sufriu violencia de xénero.
- c) Certificación dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- d) Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- e) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- f) Informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- g) Calquera outro que se estableza regulamentariamente.

14.3 Pagamento dos prezos públicos de matrícula

Pódese domiciliar ou realizar en efectivo.

Os alumnos no momento de presentaren a solicitude de matrícula no prazo ordinario desta poderán optar polo pagamento íntegro do importe que corresponder ou polo pagamento fraccionado en tres prazos: un primeiro dun 50%, un segundo dun 30% e un terceiro dun 20%.

O pagamento fraccionado **que só poderá utilizarse para o pagamento en efectivo**, liquidará o segundo prazo entre o 1 e o 13 de decembro e o terceiro na primeira quincena do mes de febreiro.

Tanto no suposto do pagamento íntegro como do fraccionado, o importe da matrícula deberá facerse efectivo e xustificarse na Administración do centro que corresponder, **no prazo común dos dez días naturais seguintes á liquidación**.

Establecerase un recargo por un importe máximo de 30 euros en concepto de gastos de xestión e tramitación naqueles casos en que exista un atraso no pagamento dos prezos públicos que se deben aboar, así como naqueles casos de reactivación de matrícula tras ser anulada por falta de pagamento, sen prexuízo do que está disposto no artigo 9 da Resolución reitoral do 13 de xuño de 2008, sobre o procedemento para a recadación de prezos públicos por matrícula.

De non presentar o xustificante de pagamento do importe íntegro ou do primeiro dos prazos de matrícula, ou de autorización de domiciliación bancaria deste pagamento, requiriráselle ao interesado, desde a Administración do centro, que nun prazo **de dez días naturais** entregue o xustificante mencionado coa indicación de que, se non o fixese, terase por **desistido** da súa solicitude de matrícula, que se arquivará.

No caso dos alumnos que pagasen o primeiro prazo e non xustificasen o pagamento do segundo ou do terceiro prazo, as administracións dos centros, **antes do 3 de xaneiro** ou do **1 de marzo** respectivamente, seguirán os trámites que están establecidos no artigo 4 da Resolución reitoral do 13 de xuño de 2008, sobre o procedemento para a recadación de prezos públicos de matrícula.

14.4 Solicitantes de bolsa da convocatoria do ME

14.4.1 Os alumnos, tanto de centros propios como adscritos, que posúan a condición xurídica de solicitantes de bolsa de estudos poderán aprazar o pagamento do prezo de matrícula ao presentar o xustificante que acredite a solicitude de bolsa no momento de formalizaren a matrícula e ata que se resolva a súa petición.

14.4.2 A pesar do que dispón o apartado anterior e sen prexuízo da tramitación da solicitude de bolsa, aos alumnos que non reuniren os requisitos académicos que foren esixidos pola correspondente Orde do Ministerio de Educación, esixiráselles, conforme ao que dispón esta orde, o pagamento da matrícula, sen prexuízo de que, se se lles conceder a bolsa, solicitaran a devolución do aboamento. De non aboar o prezo da matrícula seralles de aplicación o establecido no artigo 14.3.

14.4.3 De acordo coa resolución sobre a convocatoria de bolsas da Secretaría de Estado de Educación e Formación, pola que se convoquen bolsas para alumnos que inicien estudos universitarios no curso 2010/2011, as administracións dos centros comprobarán que os alumnos con bolsa que constan na relación nominal que no seu momento sexa remitida desde o ME, destinaron a axuda para a finalidade para a que foi concedida.

Para estes efectos entenderase que non destinaron a bolsa para a súa finalidade os bolseiros que incorresen nalgunha das seguintes situacións:

a) Ter anulada a matrícula.

b) Non concorrer a exame de, polo menos, un terzo dos créditos matriculados, na convocatoria ordinaria nin na extraordinaria.

Consonte co exposto, as administracións comunicaranlle, durante o mes de novembro de 2011, á Sección de Bolsas, do Servizo de Estudantes o nome, os apelidos e demais datos identificativos que se requiran dos alumnos bolseiros incurso en calquera das situacións mencionadas no apartado anterior.

14.4.4 Os alumnos deberán ingresar a liquidación do seguro escolar. Ademais o alumnado que se matricular de primeiro curso por vez primeira deberá aboar o prezo que corresponde á apertura de expediente.

Se o alumno for beneficiario dalgunha bonificación ou exención deberao acreditar no momento de formalizar a matrícula.

14.5 Solicitantes de bolsa e bolseiros de organismos públicos ou privados

No suposto de o alumno ser solicitante ou beneficiario dunha bolsa distinta á que se refire o apartado anterior, para se acoller aos beneficios de exención de prezos públicos, este beneficio deberá figurar explicitamente na norma que publique a convocatoria alegada, así como a compensación do importe á universidade.

TÍTULO II – RÉXIME DE TRASLADOS/CONTINUACIÓN DE ESTUDOS E RÉXIME DE CAMBIO DE UNIVERSIDADE E/OU ESTUDOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS ESPAÑÓIS

ARTIGO 15. ÁMBITO DE APLICACIÓN

A) RÉXIME DE TRASLADOS / CONTINUACIÓN DE ESTUDOS

15.1 Resultará de aplicación só para titulacións de 1.º ou de 1.º e de 2.º ciclo **-non** adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES)-.

Casos:

a) Alumnos que desexen continuar estudos da mesma titulación en titulacións sen límite de prazas.

b) Alumnos que desexen continuar estudos da mesma titulación en titulacións con límite de prazas.

Estes alumnos, se non aprobasen na convocatoria ordinaria o primeiro curso dos seus estudos, no caso de ensinanzas organizados por materias, ou non aprobasen 60 créditos no caso de ensinanzas organizados en créditos en titulacións de 1.º ou de 1.º e 2.º ciclo, poderán presentar tamén as súas solicitudes pola vía de traslado á espera do resultado que obteñan na convocatoria extraordinaria, aínda que lles sexa de aplicación o procedemento xeral de ingreso en titulacións con límite de prazas e, xa que logo, con suxeición aos prazos e á normativa que estableza a CIUG.

c) Alumnos que, tras superaren os primeiros ciclos de titulacións que dan acceso a un segundo ciclo determinado, desexen acceder a segundos ciclos sen limitación de prazas.

d) Alumnos con estudos estranxeiros.

15.2 Aos alumnos doutras universidades que desexen continuar estudos na Universidade da Coruña en titulacións con plans de estudos a extinguir e sexan admitidos, resultarlles de aplicación o réxime previsto no artigo 5.7.1, sen prexuízo do número de convocatorias que lles corresponda en cada caso.

En calquera caso serán advertidos na “carta de admisión” da posible circunstancia de ter que matricularse nalgunhas materias sen dereito a docencia e tan só con dereito a exame.

Os prazos de presentación de solicitudes de continuación de estudos e da súa resolución son os que figuran no punto 5 do **anexo I**. A documentación que teñen que presentar e o seu lugar figuran no punto 4 do **anexo II**.

B) RÉXIME DE CAMBIO DE UNIVERSIDADE E/OU ESTUDOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS ESPAÑÓIS

15.3 Resultará de aplicación só para as titulacións de Grao -adaptadas ao Espazo Europeo da Educación Superior (EEES)-.

Casos:

- a) Alumnos de novo ingreso que desexen iniciar estudos en titulacións sen límite de prazas.
- b) Os alumnos con estudos universitarios parciais españois que soliciten praza para seren admitidos na Universidade da Coruña, para os mesmos ou distintos estudos.
- c) Os alumnos da Universidade da Coruña que soliciten un cambio dos estudos oficiais que estivesen a realizar.
- d) Alumnos con estudos estranxeiros.

ARTIGO 16. CRITERIOS DE ADMISIÓN

16.1 Réxime de traslados/continuación de estudos

Os alumnos de titulacións de 1.º ou de 1.º e 2.º ciclo (non adaptadas ao EEES) deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Teren superado integramente o 1.º curso destes estudos, no caso de ensinanzas non renovadas ou 60 créditos no caso de ensinanzas renovadas.
- b) Non teren esgotadas todas as convocatorias establecidas nas normas de permanencia da universidade.

16.2 Réxime de cambio de universidade e/ou estudos universitarios oficiais españois

Os alumnos de titulacións de Grao (adaptadas ao EEES) deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Que se lles recoñeza un mínimo de 30 créditos ECTS. En caso contrario, de acordo co disposto no artigo 56 do RD 1892/2008, deberán incorporarse ao proceso xeral de admisión.
- b) Non teren esgotadas todas as convocatorias establecidas nas normas de permanencia da universidade.

16.3 Estudantes con estudos estranxeiros

Os estudantes con estudos estranxeiros que pretendan acceder polo procedemento establecido nesta normativa 16.1, deberán cumprir os requisitos previstos no artigo 21 do Real decreto 69/2000, do 21 de xaneiro e no artigo 24 do Real decreto 285/2004.

Os estudantes con estudos estranxeiros que pretendan acceder polo procedemento previsto no artigo 16.2, desta normativa, deberán cumprir os requisitos establecidos no apartado d) do artigo 2, do capítulo I do Real decreto 1892/2008 do 14 de novembro, modificado polo Real decreto 558/2010 do 7 de maio.

16.4 Titulacións con límite de prazas

A limitación para a admisión de alumnos en titulacións non adaptadas ao EEES para continuaren

estudios naquelas que teñan límite de prazas, que fixa a Normativa de admisión de alumnos, aprobada na Xunta de Goberno do 7/06/2000, no 10% do número de prazas que se estableza para o primeiro curso, resultará tamén de aplicación para o réxime de cambio de universidade e/ou estudos universitarios oficiais españois, ata que o Consello de Goberno da Universidade se pronuncie ao respecto.

16.5 Situacións excepcionais

Enténdese que o cambio que poida solicitar un alumno entre as titulacións de grao en Enfermaría e entre as titulacións de grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, que se imparten en centros propios no campus de Ferrol e en centros adscritos no campus da Coruña, non supón máis que un cambio de centro por se tratar da mesma universidade e das mesmas titulacións, así o réxime de cambio de universidade e/ou estudos universitarios oficiais establecido neste título non lle resultará de aplicación agás no que corresponda á posible limitación de prazas en cada centro se a houber.

Para estes efectos, se un alumno solicita un cambio de centro para a mesma titulación, o centro de orixe enviaralle unha copia do seu expediente ao centro receptor, quedando o centro de orixe co expediente orixinal do alumno en que fará constar unha dilixencia que dea conta desta circunstancia, que se notificará tamén aos Servizos Informáticos da Universidade para que adopten, ou sinalen, as medidas que correspondan.

ARTIGO 17. COMPETENCIA PARA RESOLVER

17.1 A competencia para resolver as solicitudes a que se refire este título, será exercida polos decanos/directores dos respectivos centros, en virtude de desconcentración efectuada polo reitor (podendo empregar os modelos dos **anexos IV e V**) debendo quedar constancia na resolución dos decanos ou directores, no caso de ser desestimatoria, de todos e cada un dos motivos que causan a decisión adoptada.

17.2 A resolución das peticións de alumnos con estudos estranxeiros quedará condicionada ao acordo sobre a validación ou recoñecemento de créditos, se for o caso.

17.3 En todo caso, a non veracidade dos datos declarados nas solicitudes deixará sen efecto a resolución, no caso de ser positiva, no momento en que se teña coñecemento de que non se cumpren os requisitos esixidos.

17.4 As resolucións recaídas, que lles deberán ser notificadas ás persoas interesadas por correo certificado con xustificante de recepción, poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o reitor no prazo dun mes que conta a partir da recepción da súa notificación.

TÍTULO III - ACCESO E MATRÍCULA NOS SEGUNDOS CICLOS CON LÍMITE DE PRAZAS

ARTIGO 18. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Poderán solicitar a admisión nos estudos de segundos ciclos con límite de prazas, nos prazos, no lugar e coa documentación que se establecen nos **anexos I e II**, aqueles alumnos que se encontren en posesión dos títulos de primeiro ciclo ou superaren os primeiros ciclos que se especifican na orde correspondente, cursando, de ser o caso, os complementos de formación necesarios (**anexo III**).

ARTIGO 19. CRITERIOS DE SELECCIÓN

19.1 Poderán acceder a cada un destes estudos de 2.^o ciclo os alumnos que se encontren en posesión dos títulos de primeiro ciclo ou superasen cursando, se é o caso, os complementos de formación correspondentes.

19.2 O acceso aos estudos de 2.^o ciclo sometidos a limitación de prazas requirirá a solicitude previa dos alumnos interesados. A dita solicitude e mais o procedemento para a súa resolución rexeráse polos criterios que se establecen nesta normativa e mais polo establecido no RD 69/2000, do 21 de xaneiro, polo se regulan os procedementos de selección para o ingreso nos centros universitarios dos estudantes que reúnan os requisitos legais necesarios para o acceso á universidade.

19.3 A limitación de prazas non lles afectará aos alumnos para os que o segundo ciclo sexa a continuación directa dos estudos iniciados no mesmo centro e titulación. Os alumnos que soliciten o ingreso para continuar os mesmos estudos iniciados noutras universidades, someteranse ao procedemento e aos prazos de admisión para continuar os ditos estudos, segundo o establecido no artigo 20 do Real decreto 69/2000 do 21 de xaneiro.

19.4 As solicitudes atenderanse na seguinte orde de prelación:

a) En primeiro lugar as daqueles alumnos que obtivesen o título de primeiro ciclo ou tivesen superado o primeiro ciclo dos estudos que dan acceso á titulación solicitada, na convocatoria de xuño do ano en curso, ou en convocatorias de cursos anteriores e presenten a solicitude dentro do prazo establecido.

b) En segundo lugar, as daqueles alumnos que obtivesen o título de primeiro ciclo ou tivesen superado o primeiro ciclo dos estudos que dan acceso a titulación solicitada, na convocatoria de setembro do ano en curso, así como as daqueles alumnos que, aínda que puidesen presentar a solicitude na primeira convocatoria, non o fixesen, e soamente para aquelas titulacións en que resultaran prazas vacantes na fase anterior.

c) En terceiro lugar, as daqueles alumnos que, tras a convocatoria extraordinaria de decembro, ou a convocatoria de fin de carreira, reúnan os requisitos académicos para o acceso e desexen formalizar a matrícula naquelas titulacións en que, tras as dúas convocatorias ordinarias, resultasen prazas vacantes.

19.5 Para adxudicar as prazas dispoñibles entre alumnos que se encontren na mesma situación, terase en conta a nota media do expediente académico nos estudos que acrediten, calculada ao abeiro dos criterios xerais acordados no artigo 1.13.uno.4 do RD 1267/1994, do 10 de xuño, que modifica o RD 1497/1987, do 27 de novembro, que establece as directrices xerais comúns dos planos de estudo dos títulos universitarios de carácter oficial e diversos reais decretos que aproban as directrices xerais propias:

Suspenso	0
Aprobado	1
Notable	2
Sobresaliente	3
Matrícula de honra	4

Só se valorará a titulación ou o ciclo que sexa requirido de acordo coa normativa vixente para o dito acceso.

19.6 De solicitaren unha praza en máis dunha titulación, a petición resolverase da forma seguinte: no caso de estar un alumno convocado á matrícula nunha titulación das solicitadas que non sexa da súa primeira preferencia, manterase o seu dereito a matrícula ata se cubriren todas as prazas nas titulacións de maior preferencia. Neste momento deberá matricularse ou ben perderá os seus dereitos respecto da praza adxudicada, así mesmo, de ser convocado para matricularse nunha titulación, as solicitudes con preferencia menor serán automaticamente desestimadas.

ARTIGO 20. RESOLUCIÓN E RECLAMACIÓNS

20.1 As relacións provisorias dos solicitantes, ordenadas alfabeticamente, en que figuren a nota media que corresponda segundo os criterios anteriores, publicaranse o día e no lugar que se especifica no **anexo I**.

20.2 Contra a resolución pola que se publique a lista provisional poderá presentarse unha reclamación dirixida ao reitor no LERD Coruña ou no LERD Ferrol, ao longo dos días que establece o calendario do **anexo II**.

20.3 A relación definitiva de solicitantes, así como a primeira relación de convocados para matrícula publicaranse o día que está establecido no calendario do **anexo I**.

TÍTULO IV – ACCESO E MATRÍCULA NO CUARTO CURSO DE GRAO E PARA OS CASOS EXCEPCIONAIS DE GRAO EN EMPRESARIAIS E DO GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

ARTIGO 21. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Poderán solicitar a admisión nas condicións sinaladas nos estudos de grao cando teñan límite de prazas, nos prazos, no lugar e coa documentación que se establece nos **anexos I e II**, aqueles alumnos que se encontren en posesión dun título de primeiro ciclo que lle dea acceso a un grao, de acordo cos requisitos que se establezan en cada memoria do plano de estudos correspondente.

Esta admisión solicitarase no centro en que se pretenda acceder ao 4.º curso.

ARTIGO 22. ORDE DE PRELACIÓN

22.1 As solicitudes atenderanse na seguinte orde de prelación:

a) En primeiro lugar as daqueles alumnos que obtivesen o título de primeiro ciclo dos estudos que dan acceso á titulación solicitada en xuño do ano en curso, ou en cursos anteriores e presenten a solicitude dentro do prazo establecido.

b) En segundo lugar, as daqueles alumnos que obtivesen o título de primeiro ciclo dos estudos que dan acceso á titulación solicitada en setembro do ano en curso, así como as daqueles alumnos que, aínda que puidesen presentar a solicitude conforme ao apartado a) non o fixesen e soamente para se resultasen prazas vacantes na fase anterior.

22.2 Para adxudicar as prazas dispoñibles entre alumnos que se encontren na mesma situación, terase en conta a nota media do expediente académico nos estudos que acredite, calculada ao abeiro dos criterios xerais acordados no artigo 1.13.uno.4 do RD 1267/1994 do 10 de xuño, que modifica o RD 1497/1987 do 27 de novembro, que establece as directrices xerais comúns dos planos de estudo dos títulos universitarios de carácter oficial e diversos reais decretos que aproban as directrices xerais propias.

Suspenso 0
Aprobado 1
Notable 2
Sobresaliente 3
Matrícula de honra 4

22.3. RESOLUCIÓN , RECLAMACIÓN E MATRÍCULA

A competencia para resolver as reclamacións realizadas contra a listaxe provisional de admitidos nos cuartos cursos de graos, delégase nos decanos/directores dos centros nos prazos que se establezan.

As datas e os prazos de publicación das relacións provisorias e definitivas de admitidos, que se exporán nos centros e de reclamacións e de matrícula, son os que figuran no **anexo I**, punto 3 desta normativa.

TÍTULO V. RÉXIME DE AVALIACIÓNS

ARTIGO 23. NORMA XERAL

23.1 Titulacións de 1.º ou de 1.º e 2.º ciclo

a) A formalización da matrícula nos primeiros ou nos segundos ciclos das titulacións oficiais da UDC, de conformidade co que dispón a presente normativa, dá dereito a ser cualificado en dúas das convocatorias que regulamentariamente se realizarán no curso académico: ordinaria (febreiro, xuño) e extraordinaria (setembro, decembro) agás cando o número de convocatorias que utilizase o alumno en cursos anteriores llo impedise.

b) O número máximo de convocatorias de que dispón un alumno para superar unha materia de 1.º ou de 2.º ciclo dunha titulación oficial é de seis, sen prexuízo do que se dispón no artigo 5.5.2, no artigo 10 e no artigo 26 da presente normativa. No cómputo de convocatorias para superar unha materia non se terán en conta as que figuraren coa mención “non presentado”. A realización dos exames de 5.ª, 6.ª e 7.ª convocatoria realizarase de acordo coas “Instrucións da Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións para a realización de exames de 5.ª, 6.ª e 7.ª convocatoria”.

23.2 Titulacións de grao e mestrado

a) A formalización de matrícula nas titulacións de grao e mestrado dará dereito a unha única convocatoria, se ben se realizarán dúas oportunidades de avaliación, unha ao remate de cada cuadrimestre, para as materias cuadrimestrais e ao remate do segundo cuadrimestre tamén para

as materias anuais e outra no mes de xullo, conforme ao calendario académico que se aprobe, de acordo co que está disposto nas Instrucións da Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións do 25 de febreiro de 2010, polas que se efectúan modificacións e aclaracións ás instrucións do 30 de marzo de 2009, sobre as probas de avaliación e as actas de cualificación dos estudos de grao e mestrado.

b) O número máximo de convocatorias de que dispón un alumno para superar unha materia dunha titulación de **grao** é de seis.

c) O número máximo de convocatorias de que dispón un alumno para superar unha materia dunha titulación de **mestrado** é de tres.

ARTIGO 24. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE DECEMBRO

24.1 Poderán concorrer á convocatoria extraordinaria de decembro aqueles alumnos que, despois de formalizaren a matrícula de materias troncais, materias obrigatorias ou materias optativas dos primeiros ou dos segundos ciclos, **das titulacións oficiais de 1.º ou de 1.º e 2.º ciclo**, nos prazos que se estableceren, desexen examinarse dun máximo de tres materias ou de 36 créditos dos que cumprisen o período de escolaridade por se teren matriculado nesta ou noutra universidade no curso 2009/2010 ou anteriores.

24.2 A solicitude de concorrer a esta convocatoria que se deberá realizar coa matrícula ordinaria, nos prazos que para esta se establecer, **é vinculante** con respecto ao número de convocatorias que se poden utilizar nese curso académico, e non reportará prezo público ningún.

24.3 De non superaren as materias de que solicitasen examinarse nesta convocatoria, os alumnos poderán concorrer á súa elección e sen necesidade de faceren manifestación escrita ningunha, **a unha** das convocatorias de exames: febreiro/xuño ou setembro.

24.4 Os exames da convocatoria extraordinaria de decembro terán lugar no período que figure no calendario académico que aprobe o Consello de Goberno.

ARTIGO 25. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE FIN DE CARREIRA

25.1 Poderán concorrer á convocatoria extraordinaria de fin de carreira aqueles alumnos de **titulacións de 1.º ou de 1.º e 2.º ciclo**, aos que lles faltaren, como máximo, tres materias (planos antigos) ou 36 créditos (planos renovados) para finalizaren os seus estudos. Os alumnos teñen que estar matriculados sen que sexa necesario que cumprisen un período de escolaridade previo.

Os alumnos que desexaren utilizar esta convocatoria deberanse matricular obrigatoriamente en todas as materias que lle resten para finalizaren os seus estudos, ata o máximo que se indicou no parágrafo anterior incluídas as materias de libre elección.

25.2 Só se esixirá a matrícula do Proxecto de Fin de Carreira naquelas titulacións en que para presentalo sexa obrigatorio non ter ningunha materia pendente.

25.3 Cando o alumno se matricular de todas as materias que lle restan para finalizar os estudos e ademais estiver realizando prácticas en empresas, cursos, seminarios ou outras actividades académicas para libre elección, permitiráselle a matrícula na convocatoria de fin de carreira sempre que quedar adecuadamente xustificada/acreditada esta circunstancia, que as actividades se realizasen con anterioridade ás datas de peche das actas e que o número de créditos que globalmente lle restar ao alumno non supere os 36.

25.4 Os alumnos deberán realizar a solicitude coa matrícula ordinaria nos prazos que para esta se establecer e **a solicitude é vinculante** con respecto ao número de convocatorias que se utilizarán nese curso académico. En ningún caso procederá a matrícula con posterioridade á realización dos exames.

25.5 Abrirase un prazo de matrícula para a convocatoria de setembro, nas datas establecidas no **anexo I**, para aqueles alumnos que tendo consumidas dúas convocatorias no curso académico desexen utilizar unha terceira nese mes. Para estes efectos entenderanse por efectivamente consumidas aquelas convocatorias a que se presentase o alumno, pero tendo en conta que a petición de concorrer á convocatoria de fin de carreira sempre vincula e, xa que logo, conta como unha convocatoria consumida aínda que o alumno non se presentase.

Esta matrícula é, polo tanto, para todos os efectos totalmente independente de calquera outra que puideren formalizar os alumnos como matrícula ordinaria, tanto no que se refire ao pagamento das taxas como a participar nos exames a que dá dereito a devandita convocatoria.

25.6 Tendo en conta a coincidencia ou a proximidade das datas dos exames da convocatoria extraordinaria de fin de carreira e da convocatoria extraordinaria de decembro, os alumnos que fixeren uso da convocatoria extraordinaria de fin de carreira non se poderán inscribir na convocatoria extraordinaria de decembro e deberán exercer o dereito que lles concede, se for o caso, a súa matrícula, na convocatoria de xuño ou, de acordo co establecido no artigo 22.5, na convocatoria de setembro.

25.7 Os exames da convocatoria extraordinaria de fin de carreira terán lugar no período que figure no calendario académico que aprobe o Consello de Goberno, nas datas que oportunamente determinaren os decanatos/direccións dos centros.

ARTIGO 26. SÉTIMA CONVOCATORIA

26.1 Prorrógase para o curso académico 2010/2011 o réxime especial de concesión dunha sétima convocatoria para os estudantes de titulacións de 1.º ou de 1.º e 2.º ciclo das titulacións oficiais da UDC.

26.2 A sétima convocatoria, se se conceder, estará vixente ata que o alumno faga uso dela.

26.3 Para concorrer á sétima convocatoria, o alumno deberá formalizar matrícula ordinaria nos prazos que se establezan.

26.4 A respecto dos alumnos que esgotasen as convocatorias dalgunha materia, presumirase a solicitude da ampliación destas no caso de formalizaren a matrícula dalgunha destas materias.

26.5 O alumnado que se matricular en sétima convocatoria poderá concorrer a calquera das convocatorias de exame, que se organizarán de acordo coas “Instrucións da Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións para a realización de exames de 5.ª, 6.ª e 7.ª convocatoria”.

TÍTULO VI - INSCRIPCIÓN E MATRÍCULA NAS ENSIANZAS OFICIAIS DE MESTRADO

ARTIGO 27. ÁMBITO DE APLICACIÓN

O alumnado que desexe iniciar ou continuar estudos que conduzan á obtención dun título oficial de mestrado da UDC.

ARTIGO 28. ACCESO E ADMISIÓN

28.1 ACCESO

28.1.1 Para acceder ás ensinanzas oficiais de mestrado será necesario estar en posesión dun título universitario oficial español ou doutro expedido por unha institución de educación superior do Espazo Europeo de Educación Superior que facultan no país expedidor do título para o acceso a ensinanzas de mestrado.

28.1.2 Así mesmo, poderán acceder os titulados conforme a sistemas educativos **alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior** sen necesidade da homologación dos seus títulos, logo de que a Universidade comprobe que aqueles acreditan un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois e que facultan no país expedidor do título para o acceso a ensinanzas de posgrao. O acceso por esta vía non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo de que estea en posesión o interesado, nin o seu recoñecemento a outros efectos que o de cursar as ensinanzas de Mestrado.

28.2 ADMISIÓN

28.2.1 Os estudantes poderán ser admitidos nun mestrado conforme aos requisitos específicos e criterios de valoración de méritos que, de ser o caso, sexan propios de cada título de mestrado universitario ou que estableza a Universidade da Coruña.

28.2.2 A Universidade da Coruña incluírá os procedementos e os requisitos de admisión no plano de estudos, entre os que poderán figurar requisitos de formación previa específica nalgunhas disciplinas.

28.2.3 Estes sistemas e procedementos deberán incluír, no caso de estudantes con necesidades educativas específicas derivadas de discapacidade, os servizos de apoio e asesoramento adecuados, que avaliarán a necesidade de posibles adaptacións curriculares, itinerarios ou estudos alternativos.

A admisión non implicará, en ningún caso, ningunha modificación dos efectos académicos e profesionais que correspondan ao título previo de que estea en posesión o interesado, nin o seu recoñecemento aos únicos efectos que o de cursar ensinanzas de mestrado.

ARTIGO 29. SOLICITUDE DE PRAZA

29.1 Os estudantes poderán presentar a súa solicitude de admisión no curso completo ou en materias ou módulos específicos, nas administracións dos centros responsables dos mestrados ou a través de internet. Para o curso 2010/2011 esta última modalidade só poderá utilizarse no caso de solicitude de admisión en curso completo.

Calquera que sexa a modalidade de admisión elixida polo alumno, dará dereito a que as cualificacións obtidas consten nas actas oficiais.

29.2 Para formalizar a admisión, os estudantes cubrirán un formulario por curso completo ou ben un formulario en que soliciten a admisión nun/s módulos/s ou nunha/s materia/s. A matrícula por módulos ou materias esixe marcar aquelas en que se solicita a admisión. Nas dúas modalidades, o estudante deberá facer chegar dentro do prazo de admisión establecido a documentación esixida sinalada no programa oficial de mestrado.

Coa finalidade de facilitar o cálculo da media do expediente académico, as persoas solicitantes proporcionarán estes datos no formulario de admisión. A Comisión calculará a media de acordo co establecido no artigo 19.5.

29.3 Terán prioridade para seren admitidos os alumnos que soliciten a matrícula por curso completo sobre aqueles outros que a soliciten por módulos ou materias soltas, que poderán matricularse, toda vez que non se cubra a totalidade das prazas ofertadas a curso completo e cando segundo o criterio da Comisión de Selección do Mestrado, a súa admisión non supoña un incremento de profesorado e/ou de infraestruturas.

29.4 Cando a solicitude de admisión se realice nos centros responsables dos mestrados, ao estudante entregáraselle, como resgardo, a primeira folia do documento de solicitude debidamente selada. O coordinador revisará e estudará a documentación coa finalidade de proceder á selección de estudantes. Os centros publicarán as listaxes de persoas admitidas, así como os prazos de admisión e matrícula que deben ter en conta.

ARTIGO 30. COORDINADOR DO MESTRADO E COMISIÓN DE SELECCIÓN

30.1 Cada mestrado universitario estará coordinado por un profesor doutor con dedicación a tempo completo na universidade, nomeado polo reitor tras a proposta da Xunta de Facultade ou Escola en que se imparta o mestrado.

30.1.1 Para a selección de estudantes, a dirección do centro nomeará unha comisión que estará presidida polo coordinador do mestrado e da que formarán parte tres profesores con docencia neste e a persoa responsable da Administración do centro, para que custodie a documentación recibida. A Comisión elixirá, entre os seus membros, o secretario desta, que redactará as actas das reunións e certificará os seus acordos. Esta Comisión farase pública no taboleiro da facultade/escola e na páxina web destas, no caso de existir.

30.1.2 A Comisión deberá constituírse antes do inicio do proceso de admisión de alumnos; antes da apertura do prazo de admisión, a Comisión elaborará e publicará, no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro, o baremo que empregará para valorar as solicitudes presentadas para cada mestrado.

Finalizada a valoración, a Comisión elaborará dúas listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas especificando o motivo de exclusión: unha estará referida ás solicitudes de admisión en curso completo e outra ás solicitudes de admisión por módulos ou por materias.

En ambos os casos estableceranse as correspondentes listaxes de agarda.

Tras o prazo de reclamacións e unha vez que estas sexan resoltas, as listaxes definitivas que conterán a **puntuación concedida** a cada solicitante entregaranse na Administración do centro, que será a encargada de introducir os datos na aplicación informática elaborada para o proceso de admisión.

As comisións de selección de mestrados interuniversitarios seguirán os procedementos que se establezan nos seus convenios.

30.1.3 Os alumnos con títulos estranxeiros de sistemas educativos alleos ao EEES, non homologados, que desexen acceder aos estudos de mestrado, deberán presentar xunto coa solicitude de acceso unha “solicitude de equivalencia de estudos estranxeiros”, dirixida ao reitor, logo do pagamento das taxas correspondentes.

Unha vez que a Comisión de Selección comprobe que os solicitantes acreditan un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos españois de grao e que facultan no país expedidor do título para o acceso a estudos de posgrao, remitiralle a proposta ao reitor da universidade quen resolverá ao respecto.

30.1.4 Todas as solicitudes formuladas por persoas con títulos académicos estranxeiros, non pertencentes ao EEES, deberán ir acompañadas da seguinte documentación, traducida a calquera das dúas linguas oficiais na Universidade da Coruña, que deberá presentarse convenientemente legalizada.

- a. Título que dá acceso ao mestrado
- b. Plano de estudos cursado
- c. Certificación académica
- d. Programas e carga lectiva das materias cursadas, ou outra documentación que se considere necesaria segundo o criterio da comisión de selección.

No caso de títulos obtidos en universidades pertencentes a países que teñan subscrito o correspondente convenio bastará que conste a “*Apostila da Haia*”.

ARTIGO 31. RECLAMACIÓNS E RECURSOS QUE SE PODEN PRESENTAR

31.1 Os estudantes non admitidos poderán presentar unha reclamación ante a Comisión, mediante unha instancia motivada dirixida ao seu presidente e entregada na Administración do centro, nos 5 días hábiles seguintes á data de publicación das listaxes.

A Comisión resolverá as reclamacións e publicará, no taboleiro de anuncios do centro, a relación definitiva de persoas admitidas.

Contra esta resolución cabe interpoñer un recurso de alzada perante o Reitor da Universidade.

ARTIGO 32. SIMULTANEIDADE

32.1 Os alumnos que desexaren simultaneear estudos deste nivel, no mesmo ano académico, deberán facer a súa solicitude ante o presidente de cada Comisión a través das administracións dos centros en que se imparten, sinalando cal é o seu título preferente.

As solicitudes de simultaneidade resolveraa a Comisión de Selección que corresponda e contra esta resolución cabe recurso de alzada ante o reitor.

32.2 Non se poderán simultanear dúas titulacións que se sometan a límite de prazas, agás se, cando remate o proceso de admisión, resultaren prazas vacantes na segunda titulación.

En todo caso, a concesión da simultaneidade determinarase pola cualificación pola que se accedeu á universidade.

32.3 Os alumnos que posúan a condición xurídica de solicitante de simultaneidade de estudos, **aprazarán** o pagamento do prezo da matrícula ao presentar o xustificante que acredite a solicitude da simultaneidade de estudos ata que se dite a resolución positiva.

ARTIGO 33. PREINSCRICIÓN E MATRÍCULA

33.1 O calendario de preinscrición e de matrícula, aprobado polo Consello de Goberno do 28 de abril de 2010, será o que figura no **anexo I**.

33.2 Publicada a relación definitiva de persoas admitidas, matricularanse por Internet.

33.3 As disposicións previstas no artigo 12 "Desistencia e modificación de matrícula" desta normativa de xestión académica resultarán de aplicación, de ser o caso, ás ensinanzas de mestrado.

ARTIGO 34. PREZOS DE MATRÍCULA

Os estudos conducentes á obtención dun título oficial de mestrado xerarán os prezos públicos que determine a Comunidade Autónoma. A xestión dos prezos públicos dos mestrados realizarase de acordo coas normas de aplicación que no ámbito das súas competencias poida ditar a universidade.

Estarán exentos total ou parcialmente do pagamento de prezos públicos os alumnos que se atopen nalgunha das situacións reguladas na lexislación vixente, segundo se establece no artigo 14 destas normas.

TÍTULO VII - PROCEDEMENTO E DOCUMENTACIÓN

ARTIGO 35. MATRÍCULA POR INTERNET

Normas xerais

Os alumnos de estudos oficiais de calquera nivel matricularanse por Internet.

35.1 Procedemento

Os alumnos de estudos oficiais desta universidade matricularanse a través da páxina web da Universidade, nas ligazóns habilitados para tal efecto, seguindo as pautas que corresponderen.

No caso de ser preciso, os alumnos poderán facer a súa matrícula por Internet nos distintos centros da universidade, para estes efectos terán á súa disposición o equipamento informático

necesario e poderán solicitar a información precisa. Se optan por realizar a súa matrícula na Administración deses centros aboarán a taxa que corresponda.

Despois de confirmar a súa matrícula, o alumno imprimirá tres copias para entregar dúas: a que corresponda á Universidade na Administración do centro en que se matriculou, e a que corresponde á entidade bancaria, naquela en que realice o pagamento da súa matrícula. A terceira copia será para o alumno.

35.2- Documentación

Deberase remitir ou entregar na Administración do centro a seguinte documentación, nun prazo máximo de 10 días naturais, que contan a partir da data de solicitude de matrícula.

- a. Resgardo de automatrícula.
- b. Solicitude de bolsa debidamente cuberta, se for o caso.
- c. Xustificante que acredite a exención ou a redución de prezos de matrícula, se for o caso.

No caso de que non se entregue a documentación mencionada no prazo sinalado, terase ao alumno por desistido na súa solicitude de matrícula e arquivaráselle.

ARTIGO 36. EFECTOS DA MATRÍCULA

A matrícula que realice de acordo coas seguintes normas supón:

a) O dereito e o deber de asistencia ás clases teóricas e ás prácticas das materias que así o teñan establecido, así como a realización dos traballos complementarios adecuados, precisos para a avaliación da materia segundo a súa guía docente.

Quedan exceptuadas destas obrigas as materias de cursos extinguidos e as optativas que se ofertasen no curso anterior, de que estivesen matriculados os alumnos e non superasen e que non se impartan no curso 2010/2011 en que a matrícula, xa que logo, é sen dereito a docencia.

b) O dereito a ser cualificado nas convocatorias que regulamentariamente se realicen durante o curso académico, sen prexuízo das incompatibilidades académicas que se deriven dos programas de estudos.

ARTIGO 37. SEGUROS

Será obrigatorio o seguro escolar para os alumnos españois e para os alumnos nacionais dos estados membros da Espazo Europeo de Educación Superior e para o resto dos estudantes estranxeiros residentes que formalicen matrícula en estudos oficiais e sexan menores de 28 anos.

A Universidade ofrecerá a formalización dunha ampliación do seguro que cubra idénticos ou similares riscos aos do seguro escolar a todos aqueles estudantes que queden fóra do ámbito da aplicación deste.

ARTIGO 38. EXECUCIÓN DESTA NORMATIVA

A programación e o desenvolvemento normal das actividades docentes e o cumprimento dos prazos que se indican vinculan do mesmo xeito tanto o alumnado destinatario como a propia

universidade, a través de todos os seus órganos, polo que se solicita o cumprimento rigoroso de todas as prescricións que se conteñen na presente normativa.

ARTIGO 39. RESOLUCIÓNS DAS RECLAMACIÓNS E DOS RECURSOS

As resolucións reitorais que atendan reclamacións ou recursos que interpoñan os alumnos desta universidade, en materias que se formulen sobre a matrícula do curso académico 2010/2011, ditaranse ao abeiro do que está contido na presente resolución, sen prexuízo das disposicións legais e regulamentarias que foren de aplicación en cada caso.

ARTIGO 40. DESENVOLVEMENTO DA NORMATIVA

Facúltase a vicerreitora de Organización Académica e Titulacións para ditar as resolucións e as instrucións precisas que aclaren, interpreten ou desenvolvan esta normativa académica, a que se lles dará a publicidade necesaria nos taboleiros de anuncios dos centros universitarios, na páxina web da Universidade e naqueles outros lugares ou medios que se consideren pertinentes.

A Coruña, 24 de xuño de 2010

O reitor

José María Barja Pérez

ANEXO I

1. PRAZOS DE ADMISIÓN E MATRÍCULA NAS TITULACIÓNS DE 1.º OU DE 1.º E 2.º CICLO (EN EXTINCIÓN) CURSO 2010/2011		
ADMISIÓN		
Alumnado de titulaci3ns de s3 2.º ciclo e 2.º ciclo de titulaci3ns de 1.º e 2.º ciclo, con l3mite de prazas	Preinscrici3n	1.º prazo: do 20 ao 31 de xullo 2.º prazo: do 21 ao 30 de setembro (<i>S3 para titulaci3ns en que quedasen prazas vacantes no 1.º prazo</i>)
	Publicaci3n da relaci3n provisional de persoas admitidas	Para o 1.º prazo: 4 de setembro Para o 2.º prazo: 8 de outubro
	Reclamaci3ns 3 relaci3n provisional	Para o 1.º prazo: 7 e 8 de setembro Para o 2.º prazo: 13 e 14 de outubro
	Publicaci3n da relaci3n definitiva de persoas admitidas	Para o 1.º prazo: 14 de setembro Para o 2.º prazo: 15 de outubro
MATRÍCULA		
Alumnado de continuaci3n de estudos e 2.º ciclos sen l3mite de prazas	Matr3cula	Do 6 de setembro ao 22 de outubro
Alumnado de titulaci3ns con l3mite de prazas, de s3 2.º ciclos e 2.º ciclos de titulaci3ns de 1.º e 2.º ciclos	Matr3cula para os/as solicitantes no 1.º prazo de preinscrici3n	1.º prazo: do 15 ao 17 de setembro 2.º prazo: do 22 ao 24 de setembro 3.º prazo: do 29 de setembro ao 1 de outubro
	Matr3cula para os /as solicitantes no 2.º prazo de preinscrici3n	1.º prazo: 19 e 20 de outubro 2.º prazo: 22 e 23 de outubro (<i>e as3 sucesivamente ata cubrir o n3mero de prazas que se oferte ou remate a lista de solicitantes</i>)
Alumnado da "convocatoria extraordinaria fin de carreira" que solicite unha 3.ª convocatoria	Matr3cula	Do 19 ao 29 de xullo de 2011
Libre elecci3n	Matr3cula	Nos prazos establecidos para a matr3cula ordinaria
ERASMUS/SICUE	Matr3cula de car3cter excepcional que se realizar3 antes dos prazos ordinarios de matr3cula	De acordo co contrato de estudos aprobado



Ampliación de matrícula para alumnos/as que aproben materias na convocatoria extraordinaria de decembro	Matrícula	Ata o 15 de marzo de 2011
---	-----------	---------------------------

2. PRAZOS DE ADMISIÓN E MATRÍCULA NAS TITULACIÓNS DE GRAO CURSO 2010/2011		
ADMISIÓN		
Alumnado de 1.º 1.ª vez en titulacións con límite de prazas	Preinscrición	Segundo os prazos da CIUG
MATRÍCULA		
Alumnado de 1.º 1.ª vez en titulacións con límite de prazas	Matrícula	Segundo os prazos da CIUG 1.º: do 19 ao 21 de xullo 2.º: do 26 ao 28 de xullo 3.º: do 1 ao 3 de setembro
Alumnado de titulacións de 1.º 1.ª vez sen límite de prazas	Matrícula	Do 19 de xullo ao 22 de outubro
Alumnado de continuación de estudos/ Alumnado admitido para incorporarse a cursos diferentes ao primeiro	Matrícula	Do 2 de agosto ao 22 de outubro
ERASMUS/SICUE	Matrícula de carácter excepcional que se realizará antes dos prazos ordinarios de matrícula	De acordo co contrato de estudos aprobado
Ampliación de matrícula en materias de 2.º cuatrimestre e/ou anuais	Matrícula	Ata o último día do mes de febreiro de 2011

3. PRAZOS DE ADMISIÓN E MATRÍCULA PARA ALUMNOS TITULADOS QUE ACCEDEN A 4.º OU OUTROS CURSOS DE GRAO		
Preinscrición	Preinscrición	Do 23 ao 30 de xuño de 2010
	Listaxe provisional de persoas admitidas	26 de xullo de 2010
	Reclamacións á listaxe provisional	Do 26 ao 28 de xullo de 2010
	Listaxe definitiva de persoas admitidas	2 de agosto
Matrícula	1.º prazo de matrícula	Do 1 ao 10 de setembro de 2010
	Publicación de prazas vacantes	13 de setembro de 2010
	2.º prazo de matrícula (nas prazas vacantes seguindo a listaxe de espera)	Do 14 ao 17 de setembro 2010

4. CALENDARIO DE PREINSCRICIÓN E MATRÍCULA ESTUDOS OFICIAIS DE MESTRADO		
Curso 2010/2011		
ACCESO	Preinscrición para estudantado alleo ao EEES	Do 1 de maio ao 15 de xullo de 2010
	Para o alumnado restante	Do 1 ao 15 de xullo de 2010
	Publicación da listaxe provisional de admitidos/as	22 de xullo de 2010
	Reclamacións	Do 23 ao 27 de xullo ata as 14:00 h
	Listaxe definitiva de admitidos/as	30 de xullo
MATRÍCULA	1.ª matrícula e continuación dos mesmos estudos	Do 1 ao 10 de setembro
	2.º prazo de preinscrición	21 setembro – 4 outubro
	Listaxe provisoria de persoas admitidas	6 outubro
	Reclamacións	Do 8 ao 11 de outubro ata as 14:00 h
	Publicación da listaxe definitiva	13 de outubro
	Matrícula	14 e 15 de outubro

5. Réxime de traslados/continuación de estudos e réxime de cambio de universidade e/ou estudos universitarios oficiais españois

Presentación de solicitudes: **do 1 de xullo ao 31 de xullo**

Prazo para resolver: **antes do 15 de setembro**

6 Validacións, adaptacións e recoñecementos (titulacións de 1.º e de 1.º e 2.º ciclo) e recoñecementos e transferencias (titulacións de grao)

6.1. Solicitudes

- As solicitudes de adaptación do plano de estudos antigo ao novo (segundo o documento-modelo 1a) presentaranse coa solicitude de matrícula.
- As solicitudes de adaptación de estudos que conducen ao mesmo título oficial (documento-modelo 1b), presentaranse tamén coa solicitude de matrícula, para os efectos de proceder unicamente á matrícula de materias que non sexan adaptadas. Estas solicitudes de validación presentaranse desde o día 1 de setembro ao día 30 de outubro.
- As solicitudes de validación e de recoñecemento de créditos de libre elección (documento-modelo 1c) presentaranse desde o día 1 de setembro ao día 30 de outubro.
- As solicitudes de recoñecemento e transferencia de créditos en titulacións de grao presentaranse do 1 ao 13 de setembro.

6.2. Propostas ou resolucións nos centros

